

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE NOVEMBRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día vinte e tres de novembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Non asiste a concelleira Dna. Montserrat Magallanes Álvarez

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 8.387 de data 22 de novembro de 2007, presentado por CEIP AS SOLANAS – NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO, solicitando autorización para o uso do pavillón deste centro por parte de varios equipos, aportando tamén as solicitudes particulares, o acordo do Consello Escolar e a autorización da Delegación Provincial.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 8.399 de data 23 de novembro de 2007, presentado baixo a sinatura de varios propietarios de parcelas sitas dentro do Coto de Caza do Campo do Couto, solicitando a intermediación do Sr. Alcalde diante do representante deste Coto de caza para que se axilice o cobro das indemnización polos danos causados polos xabaríns nestas propiedades.

O Sr. Alcalde sinala que realizará as xestións oportunas diante do representante do Coto de Caza do Campo do Couto.

Lese o escrito RE 8.352 de data 21 de novembro de 2007, presentado por D. MANUEL BAZ BAZ, en representación da firma comercial ABÓBRIGA, solicitando autorización para a reprodución exacta de restos arqueolóxicos expostos no Museo do Monte Trega para a súa venta.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Sr. Alcalde fará as xestións oportunas diante do responsable de Patrimonio.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Oficina de Información Xuvenil do Concello de A Guarda relativo a realización dun obradoiro de Inglés para viaxeiros dende decembro de 2007 ata marzo de 2008, acorda aprobar o gasto e a actividade proposta.

Dase conta do escrito RE 8.386 de data 22 de novembro de 2007, presentado por VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR, notificando a resolución de concesión dunha axuda por importe de 31.500 € para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia dependentes das corporación locais.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada pero mostra o seu rexeitamento ó drástico recorte da subvención.

Dase conta do parte de denuncia presentado por D. Pablo González Videira ante a Policía Local da Guarda polos constantes ruidos que teñen que soportar procedentes do local Zeppelin no que incluso se celebrou un concerto en vivo na madrugada do venres 2 de novembro.

A Xunta de Goberno Local acorda remitirle un escrito instándolle para que cumpla coas condicións establecidas pola licencia.

Lese o escrito RE 8.370 de data 21 de novembro de 2007, remitido polo SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL – DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, informando sobre o Programa de Semana Branca e solicitando que dende o Concello se lle comunique a adhesión no seu caso a dito programa.

A Xunta de Goberno Local, examinado o contido do Programa de Semana Branca a desenrolar na estación de San Isidro, acordas adherirse ó mesmo e dar traslado deste acordo á Deputación Provincial.

Lese o escrito RE 8.358 de data 20 de novembro de 2007, presentado por CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, no que informa da caída dunha persoa como consecuencia do resbaradiza que está a rampa de acceso a unha das portas do centro escolar e solicitando que se utilice algún material antideslizante para cubrir a madeira e evitar outros incidentes.

O Concelleiro Delegado de Educación, que é o mesmo tempo o representante municipal nese Consello Escolar, dase por enterado da súa demanda e está na procura de solucións.

Lese o escrito RE 8.340 de data 20 de novembro de 2007, presentado por ASOCIACIÓN ÉRGUETE BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa Colón, nº 20 de A Guarda, solicitando autorización para colocar unha pancarta colgante na entrada da Alameda os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro con motivo do Día Internacional do VIH-SIDA. Asimesmo solicita permiso para a instalación dunha mesa informativa na entrada de Alameda o día 1 de decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a petición da mesa pero con respecto a pancarta só se autoriza a súa instalación na barandilla exterior do Centro Cultural.

Lese o escrito RE 8.333 de data 20 de novembro de 2007, presentado por D. CARLOS VICENTE VICENTE, con enderezo na rúa Circunvalación , nº 2-1ºD de A Guarda, solicitando que se lle pinte de amarelo a entrada do seu garaxe para o cal ten dereito de vado.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Policía Local e que se lle pinte o bordillo.

Lese o escrito RE 8.295 de data 19 de novembro do 2007, presentado por CLUB CICLISTA GUARDÉS, con enderezo a efectos de notificación no aptdo. de correos nº 105 de A Guarda, informando da realización da XVI MARCHA DA LLOTA o día 25 de novembro e solicitando para elo a colaboración do concello co vehículo todoterreo e 3 membros do GRUMIR así como a colaboración da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do parte de denuncia interposto ante a Policía Local de A Guarda por D. Francisco Quirós Otero, con enderezo na rúa Tui, nº 2-1ºA de A Guarda, denunciando os ruidos procedentes do local de copas GUESS durante o fin de semana e solicitando que se tomen as medidas oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda que a Policía Local faga un seguemento sobre o cumprimento dos termos da licenza ó próximo fin de semana.

Dase conta do informe da Policía Local respecto da denuncia presentada por unha veciña contra o local denominado SINVENTO.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

## PUNTO 2.- ASUNTOS TRAIIDOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 8.334 de data 20 de novembro de 2007, presentado por FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA – CONCELLEIRA PARTIDO POPULAR solicitando copias de determinados documentos do Rexistro de Entrada e Saídas do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará cando estean feitas.

Lese o escrito RE 8.357 de data 21 de novembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA – INICIATIVA VECIÑAL solicitando copias de determinados documentos do Rexistro de Esntrada e Saídas do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará cando estean feitas.

Lese o escrito RE 8.278 de data 16 de novembro de 2007, presentado por FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA – CONCELLEIRA PARTIDO POPULAR solicitando copias de determinados documentos do Rexistro de Esntrada e Saídas do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará cando estean feitas.

Lese o escrito RE 8.298 de data 19 de novembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA – INICIATIVA VECIÑAL solicitando copias de determinados documentos do Rexistro de Esntrada e Saídas do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará cando estean feitas.

## PUNTO 3.- ASUNTOS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 8.300 de data 19 de novembro de 2007, presentado por D. JUAN MARIÑO GONZÁLEZ, actuando en representación de Inmobiliaria Laguardia, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Transversal Troncoso, nº 4-baixo de A Guarda, solicitando autorización para poder acceder ó expediente administrativo do PERI nº 5 na súa calidade de promotor do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á oficina de urbanismo para que fixe día e hora para examina-lo expediente e se realice entrega dos informes solicitados.

Lese o escrito RE 8.331 de data 20 de novembro de 2007, presentado por D. RUBÉN NOGUEIRA MARTÍNEZ, con enderezo a efectos de notificacións na Praza de Francisco Fernández del Riego, 7-A de Vigo, solicitando copia de determinada documentación relativa ó expediente de construción de vivenda unifamiliar na Baixada á Armona promovida por Ana Isabel Lomba González e D. Simón Iglesias Martínez.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a facilitarlle todas as copias solicitadas excepto ás do proxecto técnico.

Lese o escrito RE 8.332 de data 20 de novembro de 2007, presentado por D. RUBÉN NOGUEIRA MARTÍNEZ, con enderezo a efectos de notificacións na Praza de Francisco Fernández del Riego, 7-A de Vigo, solicitando copia de toda a documentación relativa ó expediente de construción de vivenda unifamiliar (lic. 79/2007) na Baixada á Armona. Asimesmo, solicita copia do expediente de Consolidación de Núcleo Rural de Camposancos iniciado pola Comisión de Urbanismo en data 27 de febreiro de 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda que se lle comunicará data e hora para acceder ó expediente, e posteriormente poderá solicitar copias concretas.

Lese o escrito RE 8.214 de data 14 de novembro de 2007, presentado por D. FRANCISCO GONZÁLEZ LÓPEZ, en representación de Promociones Parnaíba & Outepolis, con enderezo a efectos de notificación na Avda. da Barca, nº 16-1ºF de Poio, solicitando que se lle emita informe sobre a posibilidade de realización dunha beirarrúa en todo o frontal do edificio sito na rúa A Guía, nº 1 á hora de proceder a urbanización dos terreos afectados.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está agardando un proxecto no entorno e que o que alí procede é unha reposición do firme co aglomerado en quente.

Lese o escrito RE 8.388 de data 22 de novembro de 2007, presentado por D. FERNANDO LORENZO GONZÁLEZ, con enderezo a efectos de notificacións no apartado de correos nº 121 de A Guarda, solicitando acceso ó expediente nº 383 así como copia dos informes técnicos e xurídicos nos que se basea o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á oficina de urbanismo para que fixe día e hora para examinalo expediente e se realice entrega dos informes solicitados.

Asiste o funcionario do Concello D. José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez.

#### PUNTO 4- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. ROGELIO DOMÍNGUEZ MINIÑO EN RPRS. DE CENTRAL DE COMPRAS EKO-AMA, S.A., R.E. Nº. 7.159 DE DATA 3 DE OUTUBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE PORTUGAL Nº. 50-RAMALLOSA DE NIGRÁN-36379, PARA CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA DE MEDIA E BAIXA TENSIÓN, PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA Ó SUPERMERCADO “EKO-AMA”, SITO NA CARRETERA TUY-A GUARDA.

A D. MIGUEL ANGEL DOMÍNGUEZ ALFONSO, R.E. Nº. 7.722 DE DATA 23 DE OUTUBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA PRAZA DE SAN BENITO Nº. 6-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE “TENDA DE DEPORTES” SITO NA PRAZA DE SAN BENITO Nº. 6-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. JOSEFINA MARTÍNEZ SARACHO, R.E. Nº. 8.102 DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PUERTO RICO Nº. 23 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA FACHADA CONSISTENTE EN LIMPEZA E PINTADO, INSTALACIÓN DE CARPINTERIA DE ALUMINIO PARA 14 VENTÁS, ALICATADO, PAVIMENTO E INSTALACIÓN DE FONTANERÍA EN BAÑO E COCIÑA, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A CAL Nº. 18-20, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) *“Edificación en bloque cerrado”*.

A ACANOR, S.L. RPRS. POR D. RAMÓN VICENTE ROMERO, R.E. Nº. 8.121 DE DATA 12 DE NOVEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE NETOS-CURRÁS Nº. 21 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL CONSISTENTE NA PAVIMENTACIÓN DE SOLEIRA ACTUAL MEDIANTE RECRECIDO DE FORMIGÓN PULIDO, FORMACIÓN DE RAMPA DE ACCESO PARA VEHÍCULOS, CARPINTERIA EXTERIOR (PORTA DE GARAXE, VENTÁS E PORTA DE ACCESO PEATONAL), SITO NA RÚA DE BOUZO Nº. 16-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. ALFONSO MARTÍNEZ ACEVEDO REPRESENTADO POR INMOBILIARIA MOSTEIRO, R.E. Nº. 8.279 DE DATA 16 DE NOVEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 85-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO DE RAMPA CON XABRE PARA ACCESO A FINCA CO OBXECTO DE LIMPEZA E CORTA DE MADEIRA, SITA NO LUGAR DE “AS LOUCENZAS”.

A D<sup>a</sup>. TERESA CERQUEIRA VICENTE, R.E. Nº. 8.301 DE DATA 19 DE NOVEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PUERTO RICO Nº. 10 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA INSTALACIÓN DUN ASEO ADAPTADO PARA MINUSVÁLIDOS NO LOCAL ADICADO A BAR ESPECIAL DENOMINADO “VOGUE” SITO NA RÚA DE PUERTO RICO Nº. 10-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

#### PUNTO 5.- PRÓRROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 8.365 de data 21 de novembro de 2007, presentado por DNA. RAQUEL GUTIÉRREZ LÓPEZ, en representación de LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U., con enderezo na rúa de Toneleiros – Polígono Industrial Río do Pozo de Narón (C.P. 15573), solicitando prórroga de obras para a licenza 107/2007.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licenza 107/2007 por un ano.

#### PUNTO 6.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada por PROMOCIONES O TORROSO, S.L., R.E. Nº. 8.239 DE DATA 14 DE NOVEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 9 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA Nº. 197/2004 OUTORGADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 26-11-2004, PARA LEGALIZACIÓN DAS MODIFICACIÓNS FINAIS POR *(AUMENTO DA PLANTA 3º SÓTO PARA USO DE GARAXE E TRASTEIROS, NOVA DISTRIBUCIÓN DO ZAGUÁN DO PORTAL DE ENTRADA POLA RÚA DE JULIÁN LÓPEZ, REDISTRIBUCIÓN DO PISO DA PLANTA 1ª DA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL E MODIFICACIÓNS EN DISTRIBUCIÓNS DO RESTO DO EDIFICIO)*, RESPECTO DO PROXECTO TÉCNICO BÁSICO E EXECUCIÓN PRESENTADO CON DATA 13/09/2004 E R.E. Nº. 5.672, PARA CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICIO DE 15 VIVENDAS” COMPOSTO DE (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA-2º SOTO, PLANTA 1ª-1º SOTO, PLANTA 2ª-PLANTA BAIXA, PLANTA 3ª-PLANTA 1ª, PLANTA BAIXO CUBERTA-PLANTA 2ª, PLANTA 3ª E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN

ARENAL Nº. 37-RÚA DE JULIÁN LÓPEZ Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO”,  
acorda proceder á liquidación complementaria da licencia 197/2004.

PUNTO 7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por DNA. MARÍA OLIVA MESA DE MORALES (R.E. 6.229 de data 29 de AGOSTO do 2007), para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR “RESTAURANTE O CASTILLO” (Epig. 671.5) sito na rúa de Donantes de Sangue, nº 26-baixo, que antes figuraba a nome de BARROS Y VIDEIRA, S.L.,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. MARÍA OLIVA MESA DE MORALES, cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de BARROS Y VIDEIRA, S.L., para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR “RESTAURANTE O CASTILLO” (Epig. 671.5) sito na rúa de Donantes de Sangue, nº 26-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por DNA. SILVIA ADRIANA GONZÁLEZ PUMAR (R.E. 6.997 de data 28 de SETEMBRO do 2007), para o local dedicado a actividade de OMERCIO MENOR DE FRUTAS E VERDURAS “FRUTAS NIEVES” (Epig. 641.1) sito na rúa de Galicia, nº 53-baixo, que antes figuraba a nome de FRUTAS NIEVES, S.L.,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. SILVIA ADRIANA GONZÁLEZ PUMAR, cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de FRUTAS NIEVES, S.L., para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE FRUTAS E VERDURAS “FRUTERÍA LOS NIETITOS” (Epig. 641.1) sito na rúa de Galicia, nº 53-baixo de A Guarda.

PUNTO 8.- LICENCIA DE APERTURA ACTIVIDADE MOLESTA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por CASTILLO DE SANTA CRUZ, S.L. (R.E. 5.679 de data 02 de AGOSTO de 2007), para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE INSTALACIÓN DE EMISORA DE GLP MEDIANTE 2 DEPÓSITOS DE 49,5 M<sup>3</sup> ENTERRADOS E REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA URBANIZACIÓN no S.U.P nº 4 “CASTILLO DE SANTA CRUZ”, .

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a CASTILLO DE SANTA CRUZ, S.L. licencia municipal (L.A.M. 12/2007 ) para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE INSTALACIÓN DE EMISORA DE GLP MEDIANTE 2 DEPÓSITOS DE 49,5 M<sup>3</sup> ENTERRADOS E REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA URBANIZACIÓN no S.U.P nº 4 “CASTILLO DE SANTA CRUZ”.

Lese o escrito RE 2.267 de data 2 de abril de 2007, presentada por D. BASILIO VICENTE SANTIAGO, con enderezo na rúa Galicia, nº 87 de A Guarda, solicitando licencia para a reposición de madeiras en mal estado e material de cubrición, picado e rexuntado de fachadas para a vivenda sita na rúa Galicia, nº 87.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó Aparellador para que xire visita e emita un informe.

*Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás once horas do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.*